



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

#### DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

#### Anuncio

**Resolución do 27 de abril de 2018 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Mondoñedo . (Expediente IN407A 2017/106-2-8580-AT).**

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo
- Denominación: LMT soterrada e CS Tronceda para separación de instalación de compañía da instalación particular
- Situación: concello de Mondoñedo
- Características Técnicas:
  - Tender dous novos circuítos (entrada/saída da LMT Fazouro) de condutor RHZ 240 entre o apoio AP24 da LMT Fazouro e o CS Tronceda proxectado, de 80 m de lonxitude, realizando 8 m de canalización dende o CS ata a arqueta 1. Desmontar as puntas do RHZ 150 existente, que actualmente alimenta á Central de Tronceda, da cabeza do apoio AP24 e tendelas ata o CS Tronceda proxectado (PF-15).
  - Centro de seccionamento do tipo PF-15, de estrutura monobloque, que incorpora tres celas de liña de 24 kV, con illamento e corte en SF<sub>6</sub>.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº.

70, baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 27 de abril de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1330

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

#### Anuncio

#### ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

CONTRATACIÓN OBRA: MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P- 3201 MONFORTE-SOBER, P.K. 0+000 AO 0+465, LU-P-3205 MONFORTE-REBOREDO-LU-P-3201 P.K. 0+000 AO 0+492 E LU-P-3203 MONFORTE-ROZABALES (LU-P-4702) P.K. 1+830 AO 4+180 E P.K. 5+240 AO 5+630 (EX032OB-PERF 17/19-AB)

Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo

- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- c) Nº de expediente: EX032OB-PERF 17/19-AB
- d) Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato :

- a) Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto: MONFORTE DE LEMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P- 3201 MONFORTE-SOBER, P.K. 0+000 AO 0+465, LU-P-3205 MONFORTE-REBOREDO-LU-P-3201 P.K. 0+000 AO 0+492 E LU-P-3203 MONFORTE-ROZABALES (LU-P-4702) P.K. 1+830 AO 4+180 E P.K. 5+240 AO 5+630 (EX032OB-PERF 17/19-AB)

CPV: 45233223-8.- Traballos de repavimentación de estradas.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 032 do 8 de febreiro de 2018 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 215.023,47 euros. IVE ( 21%) 45.154,93 euros. Importe total: 260.178,40 euros

- a) Data de adxudicación: 25 maio de 2018

- b) Contratista: OVISA Pavimentos y Obras SLU

- c) Importe neto: 148.560,00 € e 31.197,60 € de IVE,. Importe total: 179.757,60 €

d) Melloras de obra: lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 470 metros.

- e) Plan de Comunicación: 4.300,00 € e 903,00 € de IVE

- f) Plazo de execución: 3 meses

Lugo, 31 maio de 2018, O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1547

---

### *Anuncio*

#### **ADXUDICACIÓN DE CONTRATO**

CONTRATACIÓN OBRA: MEIRA-RIBEIRA DE PIQUIN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3003 DE MEIRA, POR LEIRAS, Á CN-640, P.K. 0+000-0+705 E LU-P 3005 "DE COUSO A VILAR DE CAROTA", P.K. 0+000-2+295

Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- c) Nº de expediente: EX030OB-PERF 17/19-AB
- d) Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato :

- a) Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto: MEIRA-RIBEIRA DE PIQUIN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3003 DE MEIRA, POR LEIRAS, Á CN-640, P.K. 0+000-0+705 E LU-P 3005 "DE COUSO A VILAR DE CAROTA", P.K. 0+000-2+295 (EX030OB-PERF.17/19-AB)

CPV: 45233223-8.- Traballos de repavimentación de estradas.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 296 do 28 de decembro de 2017 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 112.101,44 euros. IVE ( 21%) 23.541,30 euros. Importe total: 135.642,74 euros

a) Data de adxudicación: 25 maio de 2018

b) Contratista: CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL

c) Importe neto: 74.502,62 € e 15.645,55 € de IVE,. Importe total: 90.148,17 €

d) Plan de Comunicación: 100,00 € e 21,00 € de IVE

e) Prazo de execución: 3 meses

Lugo, 31 maio de 2018, O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1548

---

### *Anuncio*

#### ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

CONTRATACIÓN OBRA: BECERREA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P- 0705 “DA LU-722, POR VILAMANE E SEIVANE, A TUCENDE”, P.K. 9+050-16+025 .

Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.

c) Nº de expediente: EX007OB-PERF 17/19-AB

d) Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato :

a) Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto: BECERREA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P- 0705 “DA LU-722, POR VILAMANE E SEIVANE, A TUCENDE”, P.K. 9+050-16+025 .

CPV: 45233223-8.- Traballos de repavimentación de estradas.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 009 do 12 de xanerio de 2018 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 228.901,43 euros. IVE ( 21%) 48.069,30 euros. Importe total: 276.970,73 euros

a) Data de adxudicación: 25 maio de 2018

b) Contratista: OVISA Pavimentos y Obras SLU

c) Importe neto: 152.920,00 € e 32.113,20 € de IVE,. Importe total: 185.033,20 €

d) Melloras de obra: lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 674 metros.

e) Plan de Comunicación: 4.580,00 € e 961,80 € de IVE

f) Prazo de execución: 3 meses

Lugo, 31 maio de 2018, O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1549

---

*Anuncio***ADXUDICACIÓN DE CONTRATO**

CONTRATACIÓN OBRA: BARALLA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0506 “DE LONGOIRA, POR SIXIREI, Á ESTRADA DE BECERREÁ A SARRIA”, P.K. 0+000 2+725

Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- c) Nº de expediente: EX005OB-PERF 17/19-AB
- d) Dirección web.: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato :

- a) Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto: BARALLA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0506 “DE LONGOIRA, POR SIXIREI, Á ESTRADA DE BECERREÁ A SARRIA”, P.K. 0+000 2+725

CPV: 45233223-8.- Traballos de repavimentación de estradas.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 296 do 28 de decembro de 2017 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 116.448,65 euros. IVE ( 21%) 24.454,22 euros. Importe total: 140.902,87 euros

- a) Data de adxudicación: 25 maio de 2018
- b) Contratista: OVISA Pavimentos y Obras SLU
- c) Importe neto: 80.940,00 € e 16.997,40 € de IVE,. Importe total: 97.937,40 €
- d) Melloras de obra: lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP de 273 metros.
- e) Plan de Comunicación: 2.330,00 € e 489,30 € de IVE
- f) Prazo de execución: 3 meses

Lugo, 31 maio de 2018, O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1550

**CONCELLOS****BALEIRA***Anuncio*

A Corporación Municipal do Concello de Baleira, Lugo, na sesión plenaria ordinaria do 07 de xuño de 2018, aprobou o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos) cun importe total de 26.390,70 euros (aumento da partida 454-619), con cargo ó remanente de tesourería do exercicio anterior, para financiar inversións financeiramente sostibles, segundo memoria incorporada ó expediente de referencia. Así mesmo acordou modifica-lo anexo de inversións.

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente sométese a información pública polo prazo de quince días hábiles mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de que durante o devandito prazo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o mencionado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Baleira, 7 de xuño de 2018.- O Alcalde. Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1590

## BARALLA

### *Anuncio*

**Convocatoria do procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición libre, para unha praza de “Técnico/a de Atención á Infancia do PAI” e de unha praza de “Persoal de Apoio no PAI”.**

Por decreto da Alcaldía número 90 de data 7 de xuño de 2018, resolveuse:

**“Primeiro.-** *Aprobar as Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos no concello de Baralla, quedando exceptuados os procesos de selección de persoal subvencionado por outra administración e que estén amparados por un programa específico.*

**Segundo.-** *Aprobar as Bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición libre, para a selección de “Técnico/a de Atención á infancia do PAI” e de “Persoal de Apoio no PAI”, para constituír as respectivas Listaxes de Emprego Temporal dos devanditos empregos.*

**Terceiro.-** *Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas e ordenar a publicación dun anuncio desta convocatoria no BOP e das bases xerais e específicas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web [www.concellobaralla.es](http://www.concellobaralla.es).*

A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Baralla, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres, ou a través das formas establecidas na vixente Lei de Procedemento Administrativo Común.

Cando se presente mediante correo postal, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal do Servizo.

De optar por presentar a solicitude a través de mecanismo distinto, deberá poñelo en coñecemento da Entidade mediante Fax (982-363221) ou a través do correo electrónico ([concellobaralla@concellobaralla.es](mailto:concellobaralla@concellobaralla.es)) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de dez (10) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria que se atopan a disposición dos interesados/as no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web na seguinte dirección [www.concellobaralla.es](http://www.concellobaralla.es).

Baralla, 7 de xuño de 2018.- O ALCALDE, Manuel Jesús González Capón.

R. 1573

## CASTRO DE REI

### *Anuncio*

Téndose elevado a definitivo , ó non presentarse reclamacións, o acordo de aprobación provisional da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA, publícase o texto definitivo para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos arts. 49, e 106 da Lei reguladora das bases de réxime local e dos artigos 17 e 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA**

#### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Castro de Rei establece a Taxa por ocupación do espazo público para a instalación de terrazas de hostalería, con finalidade lucrativa, a que se refire o real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imposable desta taxa o aproveitamento de terreos de dominio público e espazos privados de acceso libre e uso público, mediante a súa ocupación temporal con terrazas, no exterior de establecementos hostaleiros e que constitúan complemento da actividade que se vén exercendo no interior dos ditos locais.

**ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.**

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

**ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.**

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza ou autorización, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecto o elemento situado en terreo de uso público.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

**ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.**

Tomarase como base para determinar o importe que hai que pagar o número de metros cadrados que comprenda o aproveitamento delimitado pola ocupación permitida na correspondente licenza.

**ARTIGO 6. TARIFAS.**

Establécense as seguintes:

1. Anual (do 1 de xaneiro ó 31 de decembro).

Por cada m<sup>2</sup> de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, veladores, paraventos, macetas, xardineiras, parasoles, tarimas ou plataformas e outros elementos análogos, ao ano 15,75 EUROS

2. Tempada.

Por cada m<sup>2</sup> de terreo de uso público delimitado cos mesmos elementos durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro, ambos os dous incluídos 10,75 EUROS

3. No caso de que as terrazas dispoñan de peche estable, as cantidades que resulten da aplicación das anteriores tarifas se multiplicará por un coeficiente de 1,50 para os efectos de determinar o importe a pagar.

4. Tarifa mínima. Sempre que por aplicación dos anteriores epígrafes non se alcance o importe establecido neste, esixiranse 150,00 EUROS

**ARTIGO 7. XERACION DA TAXA.**

1. A taxa xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.

2. As cotas sinaladas nas tarifas non poderán reducirse, excepto no seguinte suposto: Cando con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados xa autorizados, o Concello revogue, modifique ou suspenda temporalmente a autorización concedida. Nestes casos, previa solicitude do interesado, e sen que se xere ningún tipo de dereito por parte do obrigado tributario a compensación algunha, procederase ao prorrateo, ou reintegro, no seu caso, da parte proporcional do período non utilizado do importe correspondente á taxa municipal polo aproveitamento especial correspondente ao período non utilizado. A estes efectos, requirirase a emisión de informe técnico sobre a efectiva incidencia das obras e prazo de efectos.

**ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.**

1. Cando se presenten solicitudes de licenza ou autorización para a realización dos aproveitamentos previstos nesta Ordenanza haberá de efectuarse o ingreso anticipado en concepto de depósito previo correspondente á cota do exercicio en que esta se liquida, sen cuxo requisito non se tramitará o expediente para a concesión do aproveitamento.

Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.

A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. En caso de non se conceder a licenza ou autorización, devolverase o depósito constituído, salvo que se acredite a ocupación.

2. As posteriores cotas anuais serán esixibles dende o primeiro día do ano natural, se ben se poderá elaborar un Padrón anual, tanto para aqueles aproveitamentos cuxo período impositivo sexa anual coma para aqueles que se soliciten por tempada sendo obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións que recollan o consignado en declaracións ou documentos presentados polo contribuínte.

4. O período impositivo para as tarifas anuais sinaladas no artigo 6 desta Ordenanza, coincidirá co ano natural. Tales cotas son irreducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na ocupación non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarase conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

5. Na tramitación da licenza observaranse as prescricións contidas na ORDENANZA municipal reguladora da ocupación do espazo público para a instalación de terrazas.

#### **ARTIGO 9. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.**

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza, que consta de nove artigos entrará en vigor o día da súa publicación no boletín oficial da provincia de Lugo e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

RECURSOS: Contra esta ordenanza pódense interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no art. 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Castro de Rei, 31 de maio de 2018.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1551

---

## **CASTROVERDE**

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2018, acordou a aprobación inicial do expediente nº. 5/2018 de modificación de créditos, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo a o remanente líquido de tesourería.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podan formularse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 31 de maio de 2018.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1504

---

### *Anuncio*

O Pleno da Corporación en sesión do 31 de maio de 2018, aprobou inicialmente o expediente de levantamento topográfico do límite das parcelas que forman o monte comunal da parroquia de San Xoán de Barredo.

Dito expediente expónse ao público polo prazo de vinte (20) días, para o seu exame e presentación de alegacións, no seu caso.

Así mesmo, faise público que o técnico redactor do documento estará nestas oficinas municipais os días 12 e 13 do presente mes de xuño, en horario de 9:00 a 14:00 horas, para atender as consultas e resolver as dúbidas que poidan xurdir.

Castroverde, 1 de xuño de 2018.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1505

---

**CERVANTES***Anuncio***Información pública**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Cervantes, 1 de xuño de 2018.- O alcalde.- Benigno Gómez Tadín.

R. 1552

**A FONSAGRADA***Anuncio***Padróns de auga, lixo e sumidoiros correspondentes ao segundo bimestre do ano 2018**

Visto os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 2º bimestre do ano 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello da Fonsagrada na sesión celebrada o día 29 de maio de 2018,

**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 2º bimestre do ano 2018.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

**TERCEIRO.-** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime conveniente.

**CUARTO.-** O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 30.05.2018 ao 30.07.2018, para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 01 de xuño de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1553

**FRIOL***Anuncio*

En cumprimento do disposto nas bases da convocatoria para a provisión temporal como persoal laboral dun/dunha TRABALLADOR/A SOCIAL, convocado polo Concello de Friol (Agrupación Friol-Guntín), polo Sr. Alcalde dictouse a Resolución que se transcribe a continuación o seu tenor literal.

**DON JOSÉ ANGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO,**



Polo Concello de Friol, procedeuse á convocatoria para a selección como persoal laboral dun/ha traballador social, Agrupación Friol – Guntín, de conformidade coas bases aprobadas por resolución da Alcaldía de 23 de febreiro do actual. A convocatoria publicouse no BOP núm 59 de 9 de marzo, así como no taboleiro de anuncios e na web do Concello.

Por resolución da Alcaldía de 31 de maio do actual, aprobáronse a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e incluídos/as, así como o nomeamento do órgano de selección e a convocatoria do mesmo para a súa constitución e a realización do primeiro exercicio da fase de oposición para o vindeiro día 14 de xuño do actual. A resolución notificouse aos designados para o órgano de selección e publicouse no BOP núm 128 de 6 de xuño do actual.

Dona María Dolores Rodríguez Gómez, designada en calidade de vogal suplente, presenta escrito, polo que de conformidade co disposto no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debe procederse á considerar que incurre en motivos de abstención para formar parte do órgano de selección. Polo tanto procede a designación dun novo vogal suplente.

Por Don Jesús Morado López, designado en calidade de Presiente, presentase escrito nos mesmos termos, no senso de considerar que concurren motivos para a súa abstención. Polo tanto o designado como Presidente suplente Don José Luis Vázquez Méndez, pasará a titular, designando Presidente suplente.

Á vista do anteriormente exposto, e de conformidade co disposto na vixente lexislación e nas bases da convocatoria,

#### DECRETO:

- Que en relación co órgano de selección designado para o proceso de provisión temporal como laboral dun/dunha trabador/a social, que se constituirá o vindeiro 14 de xuño ás 9.30 minutos, é a vista dos escritos presentados e do disposto no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, resolver no senso de aceptar o exposto polos mesmos, facendo os seguintes cambios:

Presidente : Don José Luis Vázquez Méndez, Secretario-Interventor do Concello de Guntín-Portomarín.

Presidente suplente : Don José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradela.

Segundo vogal suplente: Dona Eva Paz Bermúdez, traballadora Social do Concello de Villalba.

- Coa salvedade dos cambios de referencia, en todo o restante, estarase ao disposto na resolución do 31 de maio de 2018, procedendo o vindeiro día 14 de xuño á constitución do órgano de selección e a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

- Dar publicidade da presente resolución para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O que manda e asina o Sr. Alcalde – Presidente en Friol, a sete de xuño de dous mil dezaoto.

**RECURSOS.**- A presente resolución, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, de conformidade co establecido nos arts. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, sobre abstención e recusación dos membros do Tribunal. No obstante, os/as interesados/as poderán presentar as alegacións que estimen convenientes, para a súa consideración na Resolución que poña fin ao procedemento, conforme ao disposto no art. 118 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Friol, 7 de xuño de 2018.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 1591

---

## MEIRA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 30 de maio de 2018, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **2º. bimestre do exercicio 2018**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 31 de maio ao 31 de xullo de 2018

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 30 de maio de 2018.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1554

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Por decreto de 01 de xuño de 2018 aprobáronse as bases para a selección de tres postos de operarios-condutores do vehículo motobomba o abeiro do Convenio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 e asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Tres operarios-condutores do vehículo motobomba.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días naturais a partir da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)

Monterroso, 1 de xuño de 2018.- O Alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 1592

---

### *Anuncio*

Por decreto de 01 de xuño de 2018 aprobáronse as bases para a selección un socorrista para as piscinas municipais de A Peneda durante dous meses (xullo e agosto) como persoal laboral temporal a xornada completa:

-1 socorrista.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días naturais a partir da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)

Monterroso, 1 de xuño de 2018.- O Alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 1593

---

## PANTÓN

### *Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de maio de 2018, prestouse aprobación inicial os seguintes Padróns, correspondentes ó 2º bimestre do ano 2018:

-Padrón da taxa por abastecemento de auga e I.V.E. Sobre o seu consumo.

-Padrón da taxa por recollida do lixo.

-Padrón da taxa de alcantarillado.

